

A PORTA DO CEO

Michael Cimino, 1980

1403

ESTREA EN NUMAX: 07.11.2024 | V.O.S.E. | 207 min

No verán de 1870, Averill e Irvine rematan os seus estudos na Universidade de Harvard. Vinte anos despois, viven circunstancias moi distintas. Averill, máis serio e visiblemente máis vello, converteuse en sheriff. Pola súa banda, Irvine, destruído e arruinado pola bebida pero aínda nos seus cabais, é membro da asociación Stock Growers de Agricultores, que está involucrada nun conflito.

«Unha reflexión desgarradora e implacable sobre a crueldade do capitalismo»

Nathan Rabin, AV CLUB



Chamando ás portas do ceo

Por Ana Gontad

En 1979, Michael Cimino era o director de ouro. Viña de gañar cinco Oscars da Academia de Hollywood por ese duro retrato dos horrores da guerra que é *O Cazador* (1978) e, cando lle ofreceu aos directivos da United Artists recuperar e dirixir aquel vello guión que adaptaba libremente a Guerra do Condado de Johnson, eles asinaron un cheque en branco. Os 44 millóns de dólares que custou a produción; a meticulosidade dun perfeccionista director, que se aprecia en cada fotograma; e a discreta acollida de público e crítica estadounidenses, provocaron o afundimento da United Artists, que acabaría sendo comprada pola Metro-Goldwyn-Mayer, e o declive da carreira dun prometedor Michael Cimino, que pasaría a engrosar a lista de directores malditos. Tras só unha semana en cartel, a versión do director, que duraba 219 minutos, foi recortada sen o seu consentimento, ata os 143 minutos, versión que circulou durante moito tempo. O perfeccionismo de Michael Cimino e o fracaso do filme deron lugar á lenda, que non parou de medrar desde o visionado dunha copia restaurada da película na súa metraje orixinal na Mostra de Venecia en 2012.

A porta do ceo é o relato ficcionado da Guerra do Condado de Johnson, un episodio bastante vergoñento da historia dos Estados Unidos. En abril de 1892 estoupou o conflito neste pequeno condado de Wyoming, cando os grandes gandeiros, coordinados pola poderosa Wyoming Stock Grower's Association, fartos dos roubos de reses cometidos polos colonos, na súa maioría familias humildes procedentes de centroeuropa, elaboran unha lista negra de 125 supostos ladróns e contratan a 50 homes para que os eliminen. Son case catro horas de puro e magnético cinema, cunha marabillosa banda sonora de David Mansfield e unha extraordinaria fotografía en tons ocres de Vilmos Zsigmond.

A porta do ceo é unha canción de amor ao (anti)heroe, a ese perdedor tan presente no cinema postmoderno, desde Sam Peckinpah ata Coppola. Rostros coñecidos como Kris Kristofferson (James Averill), Isabelle Huppert (Ela Watson), Christopher Walken (Nathan Champion) e John Hurt (Billy C. Irvine), xunto con secundarios de luxo como Jeff Bridges, Brad Dourif, Sam Waterston, Joseph Cotten, Mickey Rourke, Willen Dafoe ou Terry O'Quinn, sedúcennos con bailes, plácidas pradeiras, brillantes lagos, montañas nevadas, vaqueiros sucios e desdentados, honestidade, autenticidade e enxeñosas estratexias de combate e lévannos ao seu terreo, un terreo que pisamos con receo porque sabemos que só David puido vencer a Goliat.

Cimino desenvolve aquí toda unha declaración de intencións. É cinema comprometido e social que demostra que o crítico non ten que estar necesariamente rifado co espectacular, o grandioso, neste caso. O cineasta converte en denuncia actual un acontecemento do pasado escuro da nación máis poderosa do mundo. Con todo, non é tan só unha película antiamericana, como se dixo. Os centroeuropeos adiñeirados tamén dan boa mostra da súa mesquindade. *A porta do ceo* presenta un conflito de valores e unha honesta manifestación da natureza humana. Cimino posiciónase ao carón dos que, a pesar das dificultades, saben vivir e gozan da vida, fronte á vacuidade existencial desa clase que semella telo todo máis doado.